3. Fazer bolas e rebozar em cacão.



1



2

Pablo R.G. 2º B
Iria R.G. 3ª ANOVA
Marta R.G. 4ª A.



3

Tarta de Castaño


BRAIS PALLAS
30C

Ingredientes:





- 100 gr farinha de trigo
- 200 gr azucar
- 200 gr manteiga
- 5 Ovos
- 1/2 colherada de Bicarbonato
- 1 vaso de leite
- 150 gr farinha de castanhas
- 100 gr Castanhas picadas
- 1 Un sobre de levedura
- 1 chorrinho de crema de orujo
- azucar glass para decorar

1º Asamos as castanhas e unha vez asadas trituramolas para facer unha farinha de castanhas.



2º As outras 100 gr de castanhas peladas e picadas metemolas a cocer con leite ata que esten brandas.






3º Nun bol mesturamos a farinha, a levadura e o bicarbonato cunha culler.





4º Noutro bol mesturamos a farinha das castañas co azucre e despois engadimos o leite.


E agora batemolo ata estar mais fino. Agora mesturamos a farinha do outro bol e facemos unha pasta.




5º Engadimos os ovos e mesturamos un a un, agora botamoslle o licor e a manteiga empomada e pasamoslle a bate do raio.



6ª Vertemos a mestura
non molde para fornear



7ª Engadimoslle as
castañas cocidas en
anacos pequenos.
Emetemos todo no
forno 40 minutos a
190°C.



8ª Unha vez este
todo listo espolvoreamos
co azucre glass e
teremos o paste
rematado



UXIA VALES GERMIÑAS 6ºB

BISCOITO DE CASTAÑAS



Ingredients

120 gr azucre

60 gr farina

60 gr castañas

2 ovos

120 gr aceite de girasol

7 gr de fermento



Prequentar o forno a 200 graos. Triturar as castañas peladas, mesturar coa fariña tamizada e o fermento. Bater os ovos co azucre, incorporar o aceite, engadir a mestura de fariña e revolver ben. Verter a masa nun molde previamente untado con manteiga e hornear durante 25 minutos.

Ingredientes:

- 4 ovos
- 1 vaso de leite
- 1 vaso de leite condensada
- 250 gr de castañas
- Caramelo

Flan de Castañas


Cocemos as castañas durante 30 minutos, as deixamos enfriar e quitámoslle a pel. Trituramos as castañas ata conseguir unha masa



Poñemos os ovos, o leite e o leite condensado nun bol e batímos (se nos gusta máis doce podemos añadir 1 ou 2 cucharadas de azucre)



Para rematar engadimos as castañas e batímos, vertemos esta mezcla sobre un molde previamente caramelizado, e o poñemos o baño María no forno (o forno debe estar precalentado a 190 º), o teremos no forno uns 40 minutos ata que o pinchar cun palillo saiga limpo. Podemos adórnalo cun pouco de nata se somos moi golosos



Flan de castañas

Crema de castañas

500 gr castañas peladas
500ml Leite
200 g de azucre
Un pouco de sal
vainilla e 1 pau de canela



Escaldar



Pelar



Cocer e bater



Cociñar 20 minutos.
Arrefriar e bater

Flan de castañas

6 ovos
50g de azucre
400 ml de leite
300 g de crema de castañas

Acaramelar un molde.
Mestura todos os
ingredientes e botalo no
molde.

Cociñar ao baño maría 25
minutos



MAGDALENAS DE CASTAÑAS

ANTÓN SANTOS OVIEDO

5ºA INFANTIL

Ingredientes:

- 15-20 castañas
- 2 culleradas de anís verde
- 2 ovos
- 1 vaso de leite
- 8 culleradas de azúcar
- 1 culleradiña de sal
- 10 culleradas de fariña
- 1 sobre de levadura en polvo
- 3 culleradas de cacao



Elaboración:

Limpia as castañas, quítalles a primeira pel e ponas a cocer xunto co anís verde, 3 culleradas de azúcar, 1 culleradiña de sal e cubertas de auga. Deixa cocer uns 40-50 minutos aproximadamente, hasta que se pinchen ben cun tenedor ou se desfagan e pélaas. Aplástaas cun coitelo.



Pon nun recipiente os ovos, o leite, 8 culleradas de azúcar, 3 culleradas de cacao, a levadura e báteo todo cunha batidora. Despois engade a fariña pouco a pouco e cando estea todo mesturado bota as castañas aplastadas e volve a batilo todo outra vez.



Rechea os moldes de magdalenas sen chegar ao borde. Introduce no forno a 170°C durante 15-20 minutos.



BISCOITO DE CASTANHAS

INGREDIENTES:

- 500g. de castañas cocidas e peladas
- 4 ovos (separando as xemas das claras)
- 250 g. de tona
- 160 g de azucre
- 100 g de manteiga derretida
- 2 culleradas sopeiras de farinha
- 1 culleriña de fermento



PREPARACIÓN:

- Cócese e pélanse as castañas, e tritúranse ata obter unha especie de farinha.
- Mesturar as xemas co azucre e engadirla tona e a manteiga.



- Agregamos a farinha e o fermento e mestúranse.
- Finalmente, engócese as castañas e mestúrase todo.
- Bótense as claras a punto de neve e se mesturan coa masa, con movementos envolventes.

- Bótase nun molde e enfórnase a 180° durante uns 40 minutos.




CREMA DE CASTAÑAS DOCE


Adrián Ferradás Ríos – 5ºB

INGREDIENTES:

700 gr de castañas peladas
500 ml de auga
100 ml de leite
50 gr de mantequilla
1 pizca de sal
Azucro ao gusto



ELABORACIÓN:




Pelar as castañas.

Poñelas nunha cacerola coa auga, o leite, o azucro, a vainilla e a pizca de sal. Quentar a mezcla.

Cando empece a ferver, baixar o lume ao mínimo e deixar cocer, coa cacerola tapada, uns 40 minutos, ata que as castañas estean tenras.

Pasado ese tempo, apagar o lume, retirar a vainilla e verter a mistura nun vaso alto.

Triturar coa batidora ata obter unha-pasta. De quedar moi espesa, pódese engadir máis auga ou leite para facela máis lixeira.



¡Bo apetito!

PASTEL DE CASTANHAS E CACAO

INGREDIENTES:

- 400 gramos de castañas sen pel.
- 4 culleradas de cacao puro.
- 3 culleradas de miopre de arroz.
- Maizena (se necessita espesar).

INGREDIENTES DA BASE:

- 1 unca de farinha integral (trigo ou espelta).
- 3 culleradas de melaza de arroz.
- 1/2 unca de aceite de oliva.

PREPARACIÓN DA BASE:

- 1.- Mesturar os 3 ingredientes nunha unaladeira coa axuda dunha culler e deixar reposa dez minutos.
- 2.- Espallar a masa nun molde desmoldable e fornear uns doce minutos (vixiar ata que esté un pouco dourada).


PREPARACIÓN DO PASTEL:

- 1.- Ferver as castañas ata que estén brandas.
- 2.- Triturar lixeiramente coa batidora deixando algúns trozos de textura.
- 3.- Engadir a melaza de arroz e dúas culleiradas de cacao.
- 4.- Probar de dulzor e engadir máis melaza según gusto.
- 5.- Incorporar o recheo sobre a base e espolvorear con máis cacao.

UNHA RECEITA CON: VILVU GIL GUILTZALIZ 4=10



FLAN DE CASTAÑAS



Ingredientes

- 750 ml de leite enteira
- 250 g. de castaña de Galicia (cocidas)
- 5 ovos grandes
- 200 g. de azucre
- Para o caramelo: 5 culleradas de azucre.
- 3 culleradas de agua
- Unas gotas de limón exprimido

O PRIMEIRO PASO É FACER O CARAMELO:

Poñemos un cazo a lume medio. Cando colla algo de temperatura engadimos o azucre e a continuación a auga. Deixamos sen remover até que o azucre comeza a coller cor e mesturamos.

Retiramos o cazo do lume e seguimos removendo até ver como se vai formando o caramelo. Engadimos unhas gotas de zume de limón e caramelizamos o recipiente onde imos facer o flan.

A CONTINUACIÓN, FACEMOS O FLAN DE CASTAÑAS:

En primeiro lugar, imos cocer as castañas. Facémoslles un corte na base e botámolas nunha pota con auga fervendo durante 5 minutos. Retiramos e deixamos temperar. En canto poidamos botarlle a man sen queimarnos pelámolas coa axuda dun coitelo pequeno.



Unha vez peladas, engadimos 100 gr. de azucre ao leite e cocémoslas durante 20 minutos, a lume medio-baixo.

Coas castañas ben cocidas e brandiñas, retirámolas do lume e triturámolas coa batidora. Deixamos temperar.

Imos facer o flan ao baño maría, así que enchemos de auga a bandexa central do forno e prequentámolo a 200º C, ata que comece a ferver a auga.

Nun bol batemos os ovos, engadimos




Botamos a mestura no molde caramelizado, tapámolo con papel aluminio e introducímolo no forno, na bandexa con auga. Enfornamos 45-50 minutos a 180º C, até que o flan estea callado e listo.

Para saber se xa está listo podemos picalo cun coitelo e se sae limpo podemos retiralo do forno e despois de que se enfríe... A COMER!!!



TARTA CASTAÑAS "SAN MARTIÑO"

XURXO SUAREZ FARIÑA - 6º BINF



LEVA: 250 gr castañas
200 ml leite
150 gr améndoas
170 gr azúcre (tarta)
30 gr azúcre (montar glass)
200 gr manteiga
100 gr fariná trigo
1 pitca Sal, 4 ovos, 10 gr levadura

Para poñela bonita acabase rociando
con azúcre glass ou en pó.

1. Cocemos as castañas uns 5 minutos, pelámolas e partímolas en varios cachos. Collemos o leite e cocemos as castañas nel (15 min)
2. Trituramos améndoas en forma de area en molinillo e reservamo
3. Trituramos as castañas no leite ata conseguir unha pasta e deixamos enfriar.
4. Nun bol botamos a manteiga e o azúcre coas xemas ovos. Batemos todo ata conseguir crema. Os claras metémolas na neveira. Engadimos a crema de castañas con esta e removemos ben.
5. ~~Nun~~ Nun bol mezclamos fariná, levadura e a améndoas con un pouco sal. Vertemos esta mezcla na crema doce e removemos ben coas varillas. Sacamos obras e co resto azúcre montámolas a punto neve.

Trufas de Castaña

Hoxe en *master chef junior* presentamos..... trufas de castaña !!!



Xuntamos os ingredientes: **250gr de chocolate para fundir, 125 gr de manteiga, 2 magdalenas, 375 gr de castañas (peladas) e azúcar glasé.**

Para adornar as trufas poderemos usar cacao en pó ou labras de chocolate

Antes de cociñalas, hai que preparar as castañas facéndolles una marchiña cun coitelo:



Despóis as poñemos a cocer en auga uns 20 minutos. Para que queden máis ricas botámoslles una ramiña de fiuncho

Pelamos as castañas e as trituramos ata facelas cachizas:




Agora mezclamos as castañas coas magdalenas, a manteiga, o azúcar e o chocolate. O chocolate o fundimos un poucoiño, e as magdalenas as esmachucamos



Bate bate,
que bate chocolate!



Metemos a mezcla na neveira e esperamos un día a que se enfríe. Agora ven o mais divertido, imos a facer bolas :




Finalmente decidimos rebozalas en labras de chocolate. Unha bola a facemos, outra a comemos.... E o que sobre, para dentro !!!!!



E tras dous días de duro traballo... isto é o que queda....



BIZCOCHO de CASTAÑAS



120 g azucre
60 g farinha
60 g castañas asadas
2 ovos (120 g)
120 aceite xiraso/
7 g levadura
pizza sal
esencia vainilla

Calentar o forno a 200°C. Triturar as castañas e mezclalas coa farinha e coa levadura. Logo, batic os ovos ata que apareza espuma. Despois, incorporar o aceite e os ovos á mezcla e por derradeiro, engadir o sal.

Preparar un molde e verter a mezcla. Para rematar, meter o molde no forno durante, aproximadamente, media hora.



ÁNGEL RÍOS MENÉNDEZ

BISCOITO DE PIÑA RECHEO DE CASTAÑAS

INGREDIENTES:

- 4 Culleres de fariña
- 4 Culleres de azucre
- 4 Ovos
- 1 Sobre de Roial
- 1 Bote de piña
- Castañas



ELABORACIÓN:

O primeiro é pelar e picar en trozos pequenos as castañas, logo botamos na batidora a fariña, o azucre, os ovos, o sobre de Roial e as castañas.

Mezclamos todo ben ata obter unha masa.



Por outro lado na tarteira que fagamos o biscoito, poñemos una capa de azucre para facer o caramelo a fogo lento.

Unha vez feito o caramelo, colocamos as lonchas de piña e volcamos a masa enriba.

Poñémolo ao lume durante 4 minutos, e tachínnn.... Listo o postre para comer.



YAGO MTAÑEZ. ALONSO
5º C E.I.

BISCOITO DE CASTAÑAS



TRITURAMOS AS CASTAÑAS
COCIDAS E PELADAS



MESTURAMOS AZUCAR



NATA



FARIÑA



XEMAS DE OVO E AS CASTAÑAS TRITURADAS



MESTURAMOS AS CLARAS A PUNTO
DE NEVE CO RESTO DA MASA



UNTAMOS O MOLDE CON MANTEIGA E BOTAMOS A MASA



PROBAMOS PARA SABER SE TODO VA BEN



METEMOLO NO FORNO....



E LISTO PARA COMER!!!

Trufas de Castaña

Hoxe en *master chef junior* presentamos..... trufas de castaña ¡!!



Xuntamos os ingredientes: **250gr de chocolate para fundir, 125 gr de manteiga, 2 magdalenas, 375 gr de castañas (peladas) e azúcar glasé**

Para adornar as trufas poderemos usar cacao en pó ou labras de chocolate

Antes de cociñalas, hai que preparar as castañas facéndolles una marchiña cun óitelo:



Despóis as poñemos a cocer en auga uns 20 minutos. Para que queden máis ricas botámoslles una ramiña de funcho



Pelamos as castañas e as trituramos ata facelas cachizas:

Agora mezclamos as castañas coas magdalenas, a manteiga, o azúcar e o chocolate. O chocolate o fundimos un pouquiño, e as magdalenas as esmachucamos



Bate bate,
que bate chocolate!



Metemos a mezcla na neveira e esperamos un día a que se enfríe. Agora ven o mais divertido, imos a facer bolas :



Finalmente decidimos rebozalas en labras de chocolate. Unha bola a facemos, outra a comemos.... E o que sobre, para dentro ¡!!!!



E tras dous días de duro traballo... isto é o que queda....





Cociñamos xuntos ... castañas asadas ELBA MUÑIZ ALLER 4^oC



O primeiro é mercar as castañas (vou en bici con papi, e así facemos un pouco de exercicio)

Xa na casa revisamos as castañas. Se algunha ten un burato non a queremos... pode que teña dentro un verme, e nos queremos comer castañas nada máis



Mentras o meu irmán e mais eu buscamos castañas con buratos (estamos desexando atopar un verme) os nosos pais fan un corte en cada unha das castañas para que non estoupen no forno.



E por fin unha castaña con burato!!!!!!



E cun verme que non quere saber nada de nos



... e vaise buscar un novo fogar onde non lle moleste ninguén



Metemos as castañas no forno con MOITO COIDADO

E media hora despois as comemos todos xuntos...



vendo os nosos debuxos favoritos

BOCADIÑOS DE CASTAÑAS E CHOCOLATE

* INGREDIENTES *

- 250 gr DE CASTAÑAS E UNHA PIZCA DE SAL
- 50 ml DE LEITE E UNHA CULLER PEQUENA DE MANTEIGA
- 50 gr DE AZUCRE GLAS

- UNHA GALLETA TIPO DIGESTIVE E UNHAS GOTAS DE ESENCIA DE VAINILLA E UNHAS GOTAS DE BRANDY.
- 100 gr DE CHOCOLATE CON LEITE E 25 gr DE CHOCOLATE BRANCO

* PREPARACIÓN *

- CREMA DE CASTAÑAS : FERUEIROS AS CASTAÑAS FACENDOLLE UN CORTE NA CASCARA DURANTE 20 min.
- ESCURRILOS E QUITAMOS AS PELES
- MACIACÁMOLAS E AÑADIMOS O LEITE QUENTE E A MANTEIGA DERRETIDA
- TRITURAMOS A GALLETA E AÑADIROLA AO BOL COA VAINILLA E O BRANDY E O AZUCRE GLAS.
- MESTURAMOS BEN E AÑADIMOS A CREMA DE CASTAÑAS.
- DEIXAMOS UN PAR DE HORA NA NEVEIRA
- FACEMOS UNHAS BOLINAS E DÁMOLLES FORMA DE CASTAÑAS
- COA PARTE DE ATRAS DUN GARFO FACÉMOLLES UNHAS RAÍAS
- DERREZIMOS O CHOCOLATE BRANCO E BAÑAMOS O BOCADIÑO

SOLO POR UN EXTREMO .

- DEIXAMOS NA NEVEIRA HASTA SERVIR .




4º A

BIZCOITO DE CASTAÑAS

Ingredientes


- 6 ovos
- 250 g de castañas
- 75 g de manteiga en temperatura ambiente
- 250 g de azucre
- 150 g de maicena
- 1/2 l de leite
- 1 chisco de sal
- 1 cullerada de "Levadura ROYAL"



Preparación

1. Poñemos un cazo de auga a ferver. Cando rompa a ferver, botámolas castañas e retirámolas ós 10 segundos.
2. Pelamolas castañas e cocémolas no leite cun chisquiño de sal durante 30 minutos ou ata que esteanben tenras. Moémolas castañas co leite e reservamos.
3. Bater os ovos, engadindo un cando este batido o o anterior. Engadímolo sucre e seguimos a bater ata que a mestura quede lixeiramente "espumosa".
4. Mesturamos a "crema" de castañas, a maicena, e a manteiga cos ovos e o azucre. Remexemos ben e botámolo nun molde untado con manteiga.
5. Metemos no forno (co forno pre-quente) durante 45 minutos a 170C.
6. Quitamos do forno cando ó picar cun coitelo saia limpo. Deixámolo no molde uns 10 minutos fóra do forno e desmoldamos. Deixar arrefriar e....

DIEGO REBOIRAS GARZÓN
(4º INFANTIL C)



— Ingredientes —

150 gms castañas, 150 gms azúcar, 3 huevos, Sobte de levadura en polvo, 1 yogurt, 1 vaso de zumo de naranja, 150 gms de harina.

— RECETA —

Comenzaremos a receta pelando las castañas luego las llevaremos a ebullición con cazo e agua para que se cuezan. Una vez cocidas, las sacaremos e las dejaremos enfriar para triturar o máximo posible con un mortero a man o con una trituradora que solemos emplear para la cocina.

Mientras se enfían las castañas e unha vez trituradas, mezclaremos nun bol azúcar, yogurt e os ovos para facer unha masa, logo un poco de azúcar e zumo, para, unha vez obtida unha masa máis consistente, votar a farinha e a levadura, esenciais para que a tarta teña consistencia.

Despois, añaadiremos as castañas que trituramos a esta mezcla. Meteremos esta masa nun recipiente ou molde redondo. Finalmente levarémolo ao forno a unha potencia máxima de 200°C durante 20 minutos, aunque podemos ir mirando e controlando a masa.

Despois, saírase do forno e deixaremoslo reposar antes de servir.

MAGDALENAS DE CASTAÑAS

INGREDIENTES:

- 1 OVO
- SAL
- 200 gr. PURÉ DE CASTAÑAS
- 150 gr. AZÚCRE
- 150 gr. MANTEIGA
- 150 gr. FARINA ROYAL
- 1 SOBRE

PREPARACION:

MESTURAMOS OS INGREDIENTES E RECHEAMOS OS MOLDES. METEMOS NO FORNO 20' A 200°C.

NOA



TARTA DE QUEIXO E CASTAÑAS



Asamos 300 gramos de castañas, pelámolas e cocémolas en 300 ml de leite con 120 gramos de azúcar e un pouquiño de sal durante 10 minutos. Despois trituramos todo para que quede como unha crema. Esperamos a que a crema enfrie e a batimos xunto con 300 gramos de Philadelphia, 4 ovos e 180 gramos de azúcar. Vertemos nun molde previamente untado con manteiga, e metemos no forno a 175° durante 50 minutos.



COIÑEIRO : LUCIA E JUAN

BICA DE CASTAÑAS

ANTIA CARRO

- ⊙ 6 Ovos
- ⊙ 250 g. DE CASTAÑAS
- ⊙ 75 g. DE MANTEIGA
- ⊙ 250 g. DE AZUCRE
- ⊙ 150 g. DE MAICENA
- ⊙ 1/2 l. DE LEITE
- ⊙ UNHA PIZCA DE SAL
- ⊙ 1 CUCHARAZADA DE LEVADURA QUÍMICA (TIPO ROYAL)

POÑEMOS AUGA NUN COTO,
CANDO FERVA METEMOS NEL
AS CASTAÑAS E SACÁMOLAS
OS 5 MINUTOS...
PELAMOS AS CASTAÑAS
E CÓCEMOLAS NA
LEITE CUNHA PIZCA
SAL DURANTE
30 MINUTOS.
TRITURAMOS
E
DEIXAMOS
ENFRIAR.
...

BATIMOS OS OUS,
ENGADIMOS O AZUCRE E
EGUIMOS BATINDO...



UNIMOS A CREMA
DAS CASTAÑAS, A
MAICENA, A MANTEIGA
E A LEVADURA ...
OS OUS E O AZUCRE.

BATIMOS BEN
TODO

VERTEMOS NUN MOLDE
ENGRASADO CON MANTEIGA
E
METEMOS NO FORNO
PREQUENTADO DURANTE
60 MINUTOS A 180°C

DESMOLDAMOS E DECORAMOS

DE BRANCO



CASTAÑAS COCIDAS CON LEITE

INGREDIENTES: Castañas-azucres-leite-canela e sal.

O AVÓ LOLO ENSINA O SEO NETO MIGUEL(FOTOS)



FLAN DE CASTAÑAS DE GALICIA

NERE

INGREDIENTES:

1/2 de castañas, 3/4 l de leite, 4 ovos, 100 gr de manteiga e vainilla ao gusto.

PREPARACIÓN:



Pomos a cocer o leite nunha Pota



Daquela a vainilla e a manteiga



Despois as castañas



Cocidas as castañas, incorporamos os ovos e batemos a mestura até conseguir unha pasta fina



Collemos un molde e o caramelizamos



Horneamos durante 30min e decorámolo con castañas

TARTA SOUFFLÉ

de

CASTAÑAS



ESTEVA VARELA ALVARO



INGREDIENTES

- 500gr de CASTAÑAS
- 200gr de AZUCRE MORENO
- 3 OVOS
- 200ml de LEITE
- CACAO en Pó + AZUCRE (Envoltura Espolvorear)
- MANTEIGA + FARINA (P. co untar)

ELABORACIÓN



COCER AS CASTAÑAS PELADAS E FACER UN PURÉ CON PARTE DO LEITE

MESTURAR AS XEMAS CO AZUCRE

E ESTA MISTURA CO PURÉ ANTERIOR



POR OUTRA MANEIRA AS CLARAS A P

180°C de FORNO durante 40 min.



TARTA DE CASTAÑAS E REQUEIXO

INGREDIENTES:

- 350 grs. de castañas (peladas e cocidas)
- 350 grs. de requeixo (queixo fresco)
- 200 ml. de leite.
- 200 ml. de tona (18% M.G.)
- 4 ovos
- 125 grs. de azucre.

PREPARACION:



1. Pelar as castañas e introducilas nunha pota con auga e sal.
2. Poñer a ferver a auga. Cocer durante 12-15 minutos.
3. Precalear o forno a 200°C

4. Mentres cocen as castañas, prepara a base de galletas e quentadeas no forno durante 5 minutos a 180°C. Reservar.

5. Retirade as castañas do lume, pásadeas por auga fría e peládeas con cuidado de no queimarse.





6. Nun bol poñede as castañas, requeixo, tona, leite, azucre e ovos.

7. Batide a mezcla ata que obteñamos unha crema suave.

8. Botade a mezcla sobre a base de galletas e meter no forno durante 35-40 minutos a 170°C.

9. Pinchade con un escarvadentes para comprobar que esté ben callada.




ESTE É O RESULTADO



Biscoito de castañas e chocolate

Ingredientes: fariña
h ovos
azucar
aceite
iogur
levadura
castañas
cacao



primeiro batimos ben as claras,
despois engadimos as xemas,
o aceite e o iogur,




Engadimos a fariña o azucre,
a levadura, as castañas ben picadas
e o cacao.






as castañas ben picadas




e por ultimo o cacao





o forno amodiño



decorar e a xantar



Pudding de castañas

Ingredientes:

- 1/2 Kg. de castañas
- 750 ml. de leite enteira
- 4 ovos
- 60 gr. manteiga
- 80 gr. de azucre
- esencia de vainilla






Así lo cocinamos:



1. Cocemos as castañas en auga uns 10 minutos para poder pelalas ben. Escurrimos, pelamos e troceamos.





2. Colocamos nunha pota con leite, a manteiga,
o azucre e unhas gotas de vainilla (esencia).
Deixamos cocer todo unha hora a lume lento.
Pasado o tempo indicado pasamos todo polo
pasapurés.



3º Añadimos entón as xemas dos ovos e metáclamos ben. Cando seta unha masa homoxénea, agregamos as claras o punto de neve. e seguimos batendo para non perder esponxosidade.



4º vertemos a metela nun molde para
sorno previamente untado cun pouco
de manteiga. Deixamos hiérneoando o
bano maria durante unha hora a 180 ºc.
Cando cuase o pudding retiramos do
sorno e deixamos qe se enfríe.



Xa está listo para xantar!!

GALLETAS RECHIEAS DE DOCE DE CASTAÑA

EMMA FIGUEIROA PAZOS

INGREDIENTES

Para a masa de galletas:

- 1/2 vaso de leite
- 1/2 vaso de azucre
- 1/2 vaso de aceite de oliva
- 2 vasos e 1/4 de farinha
- 1 pisca de sal

• Para o doce de castañas

- 250 gr. de castañas
- 250 gr. de leite líquido
- 2 colheres de azucre


ELABORACIÓN




2º Estirar a masa con rodillo

3º Cortar as galletas con cortador de masa ou un vaso.

4º Metelas no forno a 180º durante 15'.




Estirar os ingredientes ata a unha masa compacta.



5º Cozer as castañas no leite co azucre ata que se desfagan (un 20') e bater ata acadar unha

6º Estirar unha capa de ceceo nas galletas e tapar con outra galleta igual.

7º Comer as nosas riquísimas galletas!!!



LO

CASTA MOSSO



1 AGUIÇASE O POLO
 2 COCE NSE AS CASTANHAS
 3 PE LANCAS AS CASTANHAS
 MESTURAR TODO NUM PL # 10

5 DECORASE COM CARAMELO
 NOA 60



TARTA DE CASTAÑAS

INGREDIENTES:

500 gr. de castañas

200 gr. de azúcar

200 gr. de fariña

150 gr. de mantequilla

5 ovos

1 vaso de leite


1 chorro de licor café

Asar as castañas e unha vez asadas poñelas a cocer no leite ata que estén blandas.


Escúrrese o leite e nel mezclamos a fariña, os ovos e a mantequilla que batindo todo ben engádeselle un chorro de licor café.

Volcamos a metade da mezcla nun molde untado e estendemos as castañas esmagadas e o azúcar. Cubrimos có resto da mezcla e metémola ó forno 180º.

Estará cocida cando saia seco o palillo coa que se pinche.



54 metros no turno 45'



Coñeixo
Iago Pérez



Castaña coñecida

MISSIÃO DEBEMOS E VOCÊS
1) MEDO NO PUNHO 45!




Ajudantes e Resultado final!

Sana Lera

Bonco de Marrón Glacé e Chocolate

1. Primeiro colase um bo pñudo de Castanhas
2. Peláase e cocouse.
3. Paralelamente fíaise um rico Cafumelo
4. Mistúron as Castanhas Cocidas xa Peladas e o cafumelo um batidora hasta ter unha boa textura.
5. Fíaise chocolate a temperatura
6. Póuse a mistura en dous moldes para fazer o corpo. e mistúron para fazer o corpo.
7. Decórase con chocolate a temperatura e lase!

MALENA




ARTA CASTAÑAS

- 3 OVOS
- 2 VASOS AZUCRE
- 2 VASOS
- 2 VASOS FARIÑA
- 1 PLATO CASTAÑAS ASADAS

.NETER NO FORJUD
180º 45' ±

DECORAR CON NATA
MONTADA E AZUCRE
HUREDO

NOE PENAAS
VÁZQUEZ





INGREDIENTES
 Pitanga de polo
 20g castanhas
 10g azeite
 5g Brandy
 50g azeite
 sal e pimenta

POLO

Envolva as pitugas e cocine ao vapor.
 Cocine as castanhas com brandy e o azeite.

Dê-se o polo e vátese o aceite sobrente às castanhas (previamente peladas e trituradas).
 Incorpore o leite até formar unha crema.



CREMA

Infuse votado azeite e batere a 4°C
CASTANHAS



BISCOITO DE CASTAÑAS

INGREDIENTES

- Castañas 250g. / 1 Yogurt Natural / Azucre: 1 Vaso de yogur
- Neskuik 1 Vaso de Yogur / Fariña: 1 vaso de yogurt
- Aceite: 1 vaso de yogurt / 1 sobre de fermento
- 3 ovos / Manteiga

PREPARACION




POÑEMOS AS CASTAÑAS EN AUGA FERVENDO



MESTURAMOS OS INGREDIENTES: YOGURT, AZUCRE, NESKUIK



BATEMOS TODO E ENGADIMOS O ACEITE, A FARIÑA E O FERMENTO



FINALMENTE ENFÓRNASE A 170 GRAOS 20 MINUTOS



BOTAMOS AS CASTAÑAS NO MOLDE



UNTAMOS UN MOLDE CON MANTEIGA E BOTAMOS A MESTURA



FLAN DE CASTAÑAS



INGREDIENTES:

80 gr. de azucrev 8 ovos,60 gr. azucre pra o caramelo,1/2 litro de leite,1 vainilla Y 250 gramos de castañas peladas

Instruccions:

Botamos o leite coa vainilla aberta nun cazo ao lume. Cando arranque a ferver, botamos as castañas e deixamolas ata que se abranden. Retirar do lume e trituralas. Engadimos os ovos e o azucre e mesturámolo todo. Nunha sarten ou calderito poñemos o azucre para caramelizar xunto cun chorrito de auga e poñémolo ao lume ata que se converta en caramelo. O vertemos nos moldes e despois botamos a mestura das castañas,o leite e os ovos e poñémolo ao baño maría uns 30 ou corenta minutos, ata que se callen, logo poñémolo no frigorífico ata que se arrefrien , e a continuación servimos.

Resultado final



Receita: marmelada de castañas



Ingredientes:

½ quilo de castañas

250 gramos de azucre

Unha mazá

Un vaso de auga



Elaboración:

Truco: Para pelar mellor as castañas, é aconsellable realizar un corte cunha navalla, deste xeito pélanse moito mellor.

1. Fervemos as castañas cun pouco de sal uns 3 ou 4 minutos, despois sacámolas e quitámoslles todas as peles.



2. Nunha pota poñeremos o vaso de auga, o azucre e unha mazá cortada en anacos.


3. Cando comece a ferver engadimos as castañas.

4. Depois de deixar mais ou menos 15 minutos fervendo todo junto, sacaremos todo e pasaremos pela trituradora até deixá-la com uma textura bem suave e fina.




5. Por último pasamos pelo lume todo triturado outra vez, sen deixar até acabar a textura da marmelada desejada.






Cocer, pelar e triturar as castañas



Bater os ovos co azucre e engadir a crema, aceite, farinha, castañas e un sobre de levadura



Verter a mestura nunha bandexa e meter o forno durante 30 min a 180°



O único que falta é comelo!!!

BISCOITO DE CASTAÑA

PETISCOS DE OUTONO

INGREDIENTES

- 250 gr.de castañas
- 1 sobre de azucre vainillado
- 1 culler de azucre
- 1 vaso de leite
- 1 culler de nata liquida
- chocolate para envolver



PREPARACION

Ferver as castañas para pelalas dez minutos
Pelalas e poñelas a cocer coa leite mas ou menos 20 minutos
Despois de cocidas votamos o azucre normal e o de vaini vainilla e a nata
Facer boliñas e rebozalas no chocolate



TARTA DE QUEIXO E CASTAÑA

1º ELABORACIÓN DA CREMA DE CASTAÑA CON CASTAÑAS (ESCALDADAS); LEITE (300g); AZÚCAR (120 gr); UN CHUSCO DE SAL E VAINILLA. FERVER TODO DURANTE 15 MINUTOS.

2º A CREMA DE CASTAÑA ENQADIMOS QUEIXO EN CREMA (300gr); 4 Ovos E UN CHUSCO DE AZÚCAR. TRILHARLOS TODO XUNTO.

3º HORNEAMOS DURANTE 50 MINUTOS A 180º (Aprox.)



JAIRO ORTIGOZA B.

FLAN DE CASTAÑAS

INGREDIENTES:

- * 450 GR. DE CASTAÑAS
- * 300 GR. DE BUEIRO
- * 500 ML. DE LEITE
- * 200 GR. DE AZÚCAR
- * 6 OUS.



1) DAR UN COXTE AS CASTAÑAS POLA METADE E FERUEMOS. CAUDO ENFRÍEN HAÍ QUE RE LAGAS.

2) NUN CAZO FERUEMOS O LEITE CO AZÚCAR, DESPOIS BOTAMOS AS CASTAÑAS E PASAMOS TODO POLA BATIDORA.

3) MES TURAMOS TODO E METÉMOLO NUN BOL PREVIAMENTE ENCARBAMEADO.

4) POÑÉMOLO NO FORNO A BAÑO MARÍA DURANTE 45' OU SÓ, PREVIAMENTE PRECALENTADO A 180°

5) NUN HA BATIDORA BOTAMOS O AZÚCAR E OS OUS E BATEMOS DESPOIS ENCARBAMOS O BUEIRO



6) A ZAHAR

MARTEA

"Fuding" DE CASTAÑAS

XIAO
CAO

4ºA



1 DAR UN CORTE ÀS
CASTAÑAS E COCELAS.

2 ESCURRI-LAS E
PELALAS, QUITANDO BEN
A' PEL INTERIOR.

3 POÑER UN CAZO NO LUME CON 1/2 DL
DE LEITE E 50 GR DE AZÚCAR.

4 ANADIR AS CASTAÑAS E DEXAR QUE AISENDEM.

5 PASAR A MEZCLA POLO PASAFURÉS.

6 COCCER O RESTO DO LEITE COA CANEIA

7 BATTIR OS OVOS CON 100GR DE AZÚCAR E POÑER
O LEITE.



INGREDIENTES:

400gr CASTAÑAS

3 OVOS

2 dl LEITE

100 gr AZÚCAR

A RAMA DE CANEIA

8 INCORPORAR O PURÉ DE CASTAÑAS
E MEZCLAR ATA OBTÉR UNHA CREMA.

9 FREQUENTAR O FORNO A 170º

10 CARAMELIZAR MOIDES 3 COCHARADAS AZÚCAR
CON GOTAS DE ALICHA.

11 RECHEAR COA CREMA E HORTIÑAR O
BANDO MARCÁ UNOS 40 MINUTOS.

12 DEPOIS ENFRIAR DESMOLDAR E SERVIR.

¡¡¡¡¡isto!!!

TARTA DE CASTAÑAS

- 2 VASOS HARINA
- 2 VASOS AZÚCAR
- 2 VASOS NATA
- 3 HUEVOS
- 1 PUTO DE CASTAÑAS ASADAS
- BATILO TODO Y HACER 1 CAPA MASA
- ESPOLVOREAR CASTAÑAS, OTRA CAPA DE MASA
- ESPOLVOREAR CON LAS CASTAÑAS, COBERTURA CON LA MASA Y AL HORNO ...
- 180° / 45' t.


DECORAR SI SE QUIERE CON NATA MONTADA Y AZÚCAR GLICEROL.

HUA PRENAS VA ZOUVEZ 2º C



CROQUETAS DE CASTANHAS REFEITA

Ingredientes: farinha - carnes picadas que sobrou do empadão - leite
 para amolecer a farinha.
 Deixamos em fogo baixo para cozinhar. Deixamos por uns minutos para amolecer.
 Depois colocamos no liquidificador para bater com o leite.
 Ao ponto de virar uma pasta engordamos com leite e vamos colocando
 quando esfriar colocamos um pouco de manteiga e vamos colocando a
 primeira de mais para dar um pouco mais de peso e formamos bolinhas.
 Quando estiverem prontas colocamos em uma frigideira com óleo quente.
 Fazemos a comer!




Jorge Armas G.
 20C

FLAN DE CASTAÑAS



1) Dar un corte as castañas pola metade e fervémolas. Cando enfrién hai que pelarlas.



3) Nun caso fervemos o leite co azucre. Despois batamos as castañas e ponemos todo pola batidora.

4) Mesturamos toda e metémola nun bol previamente encaramelado.


5) Ponémolo no forno a baño María durante 45' ou 50', previamente precalentado a 180°.



2) Nunha Batidora batamos o azucre, os ovos e bate mos. Despois engadimos o queixo e seguimos batendo.

INGREDIENTES

- * 450 gr de castañas
- * 300 gr de queixo
- * 500 ml de leite
- * 200 gr de azucre
- * 6 ovos.



6) A ZAMPAR!

Diego Seijo Chapela 3º A.
Sara Seijo Chapela 5º B.

Lucía Fraga Fuentes 5º B.

SOPA DE CASTAÑAS

INGREDIENTES:

500 g de castañas

100 g manteiga

1 rama de apio

1 cebola

Clavo

Sal



- Sacaselle a cascara as castañas e poñense a cocer durante 20 minutos.

- Pelanse e reservanse.

- Faise un caldo co apio, a cebola, o clavo e o sal, deixandoos cocer durante unha hora.

- Engadense as castañas e a manteiga.



- TRITÚRASE todo ata conseguir una crema homoxénea.






CROQUETAS DE CASTAÑAS



INGREDIENTES:

- 1 Kilo de castañas
- ½ litro de leite
- 150 g azúcre
- 50 g manteiga
- 3 ovos
- Esencia de anis
- Para o rebozado: Azúcre glace, ovos e Pan ralado




Quitáselle a cascara as castañas e poñense a lume forte durante 10 minutos, para que se lle desprenda a pel con facilidade.




Botanse nunha pota a cocer co leite e a esencia de anis ata que o leite se evapore. Facer un pure



Vaise engadindo a manteiga, o azúcre e os ovos de un en un, batendo ben cada vez que se bote cada ingrediente.




Co pure de castañas morno daselle forma as croquetas e pásanse por azúcre, ovo e pan ralado.



PABLO GARCIA SALINAS A.B





Ingredientes:

250 g de castañas, 3 ovos ,50 g de manteiga
75 g de Azucre ,8 g de levadura royal
1 pizquiña de sal, algunhas gotas de anís

1- pelamos as castañas

2- poñémolas a ferver nunha pota con auga e unha pizquiña de sal uns 30 minutos

3- sacamolas e deixamos enfriar un par de minutos, quitámoslle a pel e as trituramos cunha picadora

4- separámolas xemas das claras

5- batímola manteiga a temperatura ambiente con azucre ata obter unha mestura cremosa

6- engade as xemas, unha de cada vez , mexendo constantemente ata que esten totalmente integrados

7- mesturamos as castañas trituradas co fermento e engadímolas á masa de bizcocho, remobemos para que se integre e botamos unhas pingas de anís

8- botamos a masa nun molde previamente engrasado e hornreamos a 180 graos durante 25-30 minutos

RESULTADO FINAL





INGREDIENTES

- 500g de castañas
- 3/4 l leite
- 150g azucre
- 4 ovos

Cócese as castañas durante 1 hora e pélanse nun recipiente.




DE

Incorpóranse os ovos, o leite e o azucre. Nestúranse e métese na flaxera.



Vai o forno 30 minutos, desmoldase e decórase ao gusto



CASTANHAS